

Plantilla memoria resumo modificacións de **Grao en Tradución e Interpretación** para presentar coa declaración de intese

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

En seguimento aos acordos adoptados na Xunta de Titulación de Tradución e Interpretación (data 23 de xuño de 2021), os grupos de traballo para a reforma do título logo de varias reunións internas e de coordinación, presentan os seguintes acordos xerais para a súa aprobación en Xunta de Titulación. Dado que se acordou realizar unha revisión profunda do título, parece conveniente redistribuír efectivos de cara a ofrecer perfís profesionais de futuro a través de itinerarios formativos con mención.

As modificacións máis relevantes nas que está a traballar a Comisión Redactora serán as seguintes:

- **Linguas galega e castelá** estarán ao mesmo nivel, é dicir serán consideradas ambas Lingua A, sen distinción entre A1 e A2
- Nas **linguas B e C instrumentais** débese incorporar os contidos de cultura para poder manter os 27 créditos de formación, especialmente a materia de 9 créditos de primeiro.
- **Linguas B:** Dúas linguas B de acceso: francés e inglés (como na actualidade).
- **Linguas C:** Unha lingua C: portugués / alemán / francés / inglés
- Incorporar unha **materia de Lingüística Aplicada á Tradución e á Interpretación**.
- As comisións consideran necesario que exista unha **materia de tradución xa en primeiro curso**.
- **Materias de tradución e interpretación** e a súa relación coas linguas A, B e C:
 - Alternancia secuencial galego/castelán nas materias de tradución e interpretación, FB e OB, non nas mencións. A metade das materias cara ao galego e a metade cara ao castelán.
 - En revisión pola Asesoría Xurídica: agás o caso de razón xustificada recollida na propia memoria (convenios de mobilidade ERASMUS, SICUE, etc. ou persoas que non cursasen galego en Secundaria e Bacharelato [obrigatoria xustificación documental]).
- As materias de **tradución xurídico, económica e científico-técnica** serán **obrigatorias** na titulación (Lingua B).
- Catro **mencións** vencelladas aos perfís profesionais (aínda por definir e delimitar [os nomes das mencións son provisionais]):
 - Interpretación (perfil 2)
 - Tradución audiovisual, localización e accesibilidade (perfil 3)
 - Tradución editorial e servizos culturais (perfil 4)
 - Sen mención (o estudiantado poderá cursar entre as optativas das mencións; non se descarta ofrecer outras materias optativas para esta mención perfil 1)

Os perfís 5 e 6 desenvolveranse nas obrigatorias, que tamén contribúen aos demais perfís.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

A xustificación desta modificación ven dada pola necesidade de adecuar a titulación aos novos perfís profesionais que se ven desenvolvendo no ámbito da Tradución e da Interpretación nos últimos anos. Débese lembrar que esta titulación ten xa unha vida de máis de dez anos co que cumpre unha revisión dos perfís profesionais.

Tras unha análise do mercado levada a cabo por distintos grupos de traballo xurdidos da Xunta de Titulación e que levan traballando unos meses os perfís profesionais quedarían (polo momento) definidos do seguinte xeito:

PERFIL 1. TRADUTORA PROFESIONAL: tradución, adaptación, reescritura, actualización, localización, internacionalización, transcrición, transliteración, transcreación, subtítulo, dobraxe e superposición de voz, posesión, retrotradución, validación, tradución xurada.

PERFIL 2. INTÉRPRETE PROFESIONAL. Interpretación enlace, consecutiva e simultánea. Interpretación remota, interpretación xurada.

PERFIL 3. ADAPTADORES/AS PARA A MEDIACIÓN E A ACCESIBILIDADE: subtítulo para persoas xordas, lingua de signos, audiodescrición para persoas cegas, lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras, interpretación de voz a texto e refalado.

PERFIL 4. REVISORA, CORRECTORA, REDACTORA, LECTORA EDITORIAL: corrección, revisión, redacción, adaptación, lectura editorial e maquetación de textos ou de páxinas web mediante autoedición, preedición e posesión, revisión e/ou corrección de linguas de destino traducido por terceiros.

PERFIL 5. XESTORA DE PROXECTOS TERMINOLÓXICOS, DOCUMENTAIS E DE TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN: xestión fraseolóxica e terminolóxica, redacción técnica, concordancia terminolóxica, aplicacións en terminoloxía e memorias de tradución, avaliación de documentos.

PERFIL 6. DOCENTE DE LINGUAS E DE TRADUCIÓN: docencia de linguas e de tradución e interpretación.

A partir destes perfís detectáronse as seguintes 10 competencias específicas para o título que, de forma provisoria van a guiar a elaboración do plano de estudos:

1. Dominio oral e escrito das linguas de traballo (A, B e C), de cadanseu estándar e usos e das culturas e civilizacións que vehiculan.
2. Adquisición e desenvolvemento da competencia tradutora entre as linguas A e B e desde as linguas C.
3. Adquisición e desenvolvemento da competencia de interpretación nas modalidades de simultánea, consecutiva e de enlace entre as linguas A e B e desde as linguas C.
4. Competencia tecnolóxica. Adquisición e desenvolvemento de destrezas para manexar a variedade de recursos, contornos e ferramentas tecnolóxicas dispoñibles para a tradución, a interpretación, a xestión de proxectos, a accesibilidade, a localización etc.
5. Aplicación das competencias anteriores a encargos e contextos específicos: audiodescrición, subtítulo, interpretación de voz a texto,

- localización dobraxe, adaptación etc.
6. Avaliación da calidade, revisión, corrección, posesión, fluxo de traballo, tratamento de textos, corpus, terminoloxía e xestión de proxectos de tradución.
 7. Traballo en equipo, autoconciencia e autoeficacia.
 8. Adquisición de coñecementos teóricos sobre tradución, interpretación, accesibilidade e lingüística aplicada ás tecnoloxías.
 9. Adquisición do coñecemento sobre saídas e aspectos profesionais da tradución, a interpretación, a accesibilidade e a xestión documental multilingüe. Emprendemento, formas de contratación, aspectos legais e económicos, estándares profesionais e códigos éticos.
 10. Adquisición de coñecementos sobre cultura e sociedade relacionados coas linguas A, B e C, así como sobre relacións internacionais, dereitos humanos e organismos internacionais.

O procedemento seguido para a elaboración destas competencias e perfís, así como as liñas mestras da modificación do grao foi o seguinte:

- a) Establecemento de catro grupos de traballo dedicados aos seguintes aspectos relacionados coa titulación que revisaron os planos de estudos das titulacións relacionadas coa tradución e a interpretación a nivel nacional e internacional:
 - Grupo de traballo sobre linguas e fundamentos básicos
 - Grupo de traballo sobre transversalidade
 - Grupo de traballo sobre optatividade e liñas de especialización
 - Grupo de traballo sobre análise do mercado laboral
- b) Realización dunha consulta sobre as fortalezas, necesidades, debilidades, futuro e ameazas do Grao en Tradución e Interpretación actual aos seguintes grupos de interese: estudantes actuáis do grao, profesorado do grao, persoas tituladas.
- c) Revisión das memorias de prácticas dos últimos 5 anos, xa que conteñen preguntas específicas sobre as cuestións que poderían ser mellorables na titulación co fin de abordar de xeito máis efectivo as prácticas.

A partires desta análise se marcaron as liñas mestras que foron aprobadas, xunto coa declaración de interese e a comisión redactora, en Xunta de Titulación o 27 de xaneiro de 2022. A declaración de interese foi ratificada pola Xunta de Centro o 10 de febreiro de 2022.

Na actualidade, a comisión está a traballar na elaboración do plano de estudos que se someterá ao parecer da Xunta de Titulación na primeira metade do mes de marzo.

3 Planificación de implantación (cronograma).

A proposta de implantación é a de curso por curso:

- 2023-24: primeiro curso
- 2024-25: segundo curso
- 2025-26: terceiro curso
- 2026-27: cuarto curso

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

Elaborarase unha táboa de convalidacións. Para as materias non contidas na táboa aplicarase o procedemento de validacións seguido pola Comisión Delegada de Validacións da Facultade de Filoloxía e Tradución.

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Grao en Tradución e Interpretación – Facultade de Filoloxía e Tradución

6 Responsable do título.

José Montero Reguera (decano)
e-mail: fft.decan@uvigo.es